

Nota de prensa  
do SLG

06-11-2008

## O SLG anuncia mobilizacións por un prezo digno para o leite o vindeiro 18 de novembro

### PRIMEIRO O PREZO, LOGO O CONTRATO.

O Sindicato Labrego Galego vén de anunciar en rolda de prensa na mañá de hoxe a convocatoria de mobilizacións para o vindeiro día 18 de novembro.

Demandamos a fixación dun prezo mínimo consensuado para o leite como paso previo imprescindible para a posta en marcha dos contratos homologados.

A manifestación partirá **dende a entrada Consellaría do Medio Rural finalizando na praza do Obradoiro, perante da Presidencia do Goberno Galego.**

Malia que sempre valoramos a unidade de acción, esta mobilización realizarase de xeito paralelo á convocada por outros sindicatos agrarios. O Sindicato Labrego Galego non comparte o obxectivo de devandita mobilización, que avoga somentes pola posta en marcha de contratos, sen valorar que tipo de acordo se firma nestes documentos.

**“Asinar por asinar”, sen garantir un prezo que cubra os custos de produción e a remuneración do traballo, é firmar a condena a morte do sector leiteiro, como ven sucedendo dende o mes de maio, data na que as outras organizacións agrarias e as**



industrias, coa mediación da Consellaría do Medio Rural e do MAPA, firmaron o contrato homologado.

**Non é coherente firmar contratos en ningún ámbito da vida sen coñecer as condicións especificadas no documento.**

O SLG esixirá con esta mobilización a **actuación decidida da clase política**, na que reside a responsabilidade de, dunha vez por todas, **regular o leite coa eficacia e garantías que corresponde a un produto de primeira necesidade para a sociedade.**

**Moitas grazas pela vosa atención.**

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG

TLF: 619 348 426